



Concello de Xove

Don VICTOR VOCES LÓPEZ, Secretario do Concello de Xove,
CERTIFICO, que con data 10/12/2024 polo Sr. Alcalde ditouse o Decreto que a seguir se transcribe.

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde do Concello de Xove.

VISTO o Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima de socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o decreto antedito.

VISTO que o Concello de Xove é unha entidade homologada pola Xunta de Galicia para impartir formación en Socorrismo Acuático en Espazos Naturais.

VISTA a necesidade de renovación da inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia cada catro anos que esixe a realización dun curso de reciclaxe.

Polo presente, en uso da representación e competencias que me son outorgadas art. 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Convocar o curso de Socorrismo Acuático en Espazos Naturais para os días 11 e 12 de xaneiro de 2025 en horario das 10:00 ás 14:00 de das 16:00 ás 20:00 horas.

SEGUNDO.- Establecer como único criterio de selección a orde de entrada de solicitudes no rexistro do Concello de Xove ata cubrir prazas.

TERCEIRO.- Establecer os seguintes módulos de formación:

- Módulo MF0269_2: natación (4 horas).
- Módulo MF0270_2: prevención de accidentes en instalacións acuáticas (4 horas).





Concello de Xove

- Módulo MF0271_2: rescate de accidentados/as en instalacións acuáticas (4 horas).
- Módulo MF0272_2: primeiros auxilios (4 horas).

CUARTO.- Establecer como obrigatorio o seguinte material. O alumnado, para a realización da parte práctica na instalación acuática deberá asistir ao curso co seguinte material. As persoas que incumpran esta norma poderán ser dadas de baixa na actividade.

- Gorro e lentes de natación.
- Bañador.
- Chanclas para o acceso á piscina.
- Útiles persoais de aseo.
- Xogo de aletas.
- Calquera outro establecido como obrigatorio para o cumprimento das medidas sanitarias en vigor no momento da celebración do curso

QUINTO.- Establecer como obrigatoria a asistencia á totalidade das horas de cada módulo para a súa avaliación.

SEXTO.- Fixar o prezo do curso en 70,00 euros. Cada persoa alumna, para ser admitida no curso, ademais de aportar a ficha de inscrición, deberá aportar o xustificante bancario que terá os seguintes datos:

| | |
|---|---|
| NÚMEROS DE CONTA DO CONCELLO DE XOVE ONDE FACER O INGRESO | ES26 0238 8166 9606 6000 0173 OU ES15 2080 0168 01311000 0017 |
| CONCEPTO | CURSO RECICLAXE SOCORRISMO: NOME E APELIDOS DA PERSOA ALUMNA |
| CANTIDADE INGRESAR | A 70,00 € |





Concello de Xove

SÉTIMO.- Establecer a exención de pago para o persoal socorrista que na actualidade presta os servizos na Piscina Municipal de Xove.

OITAVO.- Establecer un número máximo de alumnado en 15 persoas. O número de persoas alumnas poderá sufrir cambios en función das medidas sanitarias vixentes no momento de impartir o curso e outras circunstancias que así o esixan.

NOVENO.- Establecer un prazo de inscrición desde o 16 de decembro de 2024 ata o 08 de xaneiro de 2025, este prazo poderá ampliarse no caso de quedaren prazas libres.

DÉCIMO.- Establecer como requisito para asistir ao curso estar en posesión do Certificado de Profesionalidade de Socorrismo Acuático en Instalacións.

Mándoo e asínoo dixitalmente á marxe

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

